

PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Varela
Buxán

Versión 1.0 Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

No curso académico actual, 2021-2022, os datos básicos relativos ao centro educativo son os que seguen na seguinte táboa:

Nome do centro	CEIP PLURILINGÜE VARELA BUXÁN
Dirección postal	Lugar Cercio, s/n - CERCIO - 36596 - Lalín (Pontevedra)
Enderezo electrónico	ceip.varela.buxan@edu.xunta.es
Páxina web	edu.xunta.gal/centros/ceipvarelabuxan/
Etapas educativas ofertadas	Segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria
Número de alumnado	85
Número de profesorado	11

O Centro é un colexio dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No presente curso 2021-2022 impartense os niveis de segundo ciclo de Educación Infantil, e primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto de Primaria.

Os nenos e nenas de Educación Infantil están en dúas aulas (4 e 5 anos nunha e 3 anos noutra). Os cursos 1º, 2º, 3º e 4º están en aulas separadas mentres que 5º e 6º comparten aula.

O número de unidades creadas é seis, unha en E. Infantil e tres en Primaria coa modificación dunha unidade a maiores habilitada para Educación Infantil e unha máis para Educación Primaria.

Os postos de traballo catalogados no centro son sete, estando cubertos por 6 mestres con destino definitivo e unha con destino provisional (unha praza de E. Infantil, dúas de E.P., unha de E.F., unha de Inglés, unha de música e unha orientadora que itinera con dous centros). Os postos provisionais son os seguintes: unha praza de infantil e dúas de primaria. Ademais, no presente curso contamos cunha profesora de PT afín con AL a tempo completo.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Varela Buxán de Cercio está situado nunha zona rural do concello de Lalín, comarca do Deza, e recibe alumnado de doce parroquias situadas entre Lalín e Vila de Cruces (Bermés, Camposancos, Cangas, Cello, Cercio, Erbo, Galegos, Palio, Palmou, Rodís, Santandré, A Goleta, Sello e Val do Carrio) dispersas nun radio de dez quilómetros as máis afastadas. O centro ten xornada partida de 9h.30 a 16h.15 de luns a xoves e de 9h.30 a 12h.55 o venres.

Nesta zona a densidade de poboación é baixa, e segue decrecendo debido ao descenso da natalidade e ao abandono do campo para buscar traballo nas industrias próximas. A actividade económica predominante é eminentemente agrícola e gandeira, cunha importante aportación da muller nas labores do campo. O núcleo familiar é, en moitos casos, amplio, constituído por avós, pais, fillos e, nalgún caso, outro familiar. O nivel cultural da maior parte das familias limitase ao Certificado de Estudos ou ao Graduado Escolar.

A oferta cultural da zona é praticamente nula, limitándose, única e exclusivamente, a do centro, xa que a biblioteca, museos, exposicións, representacións teatrais e musicais más próximas atópanse en Lalín, non podendo asistir con asiduidade pola falla de transporte. Aínda así, a Asociación Cultural "A Carballeira" de Cercio organiza durante o ano, coincidindo con varias festividades da comarca, distintos actos culturais como obras de teatro, conferencias e reunións veciñais.

O centro educativo ten conta o anterior á hora de elaborar os diferentes documentos do centro. Deste xeito, o Plan Dixital está relacionado con outros documentos, proxectos e plans. Destacan:

- A Programación Xeral Anual: un dos obxectivos recollidos é "*Impulsar relacóns fluídas e respectuosas entre os distintos sectores da Comunidade Educativa a través de entrevistas presenciais e medios telemáticos*". Como consecuencia, emprégase Espazo Abalar, uso da aula virtual e da web do centro, correo electrónico e algunas aplicacións de Google (Maps, gravador, tradutor, Jamboard...). Tamén se recolle na PXA o obxectivo "*Analizar a dixitalización do centro para fomentar a comunicación entre todos os grupos do centro, profesores, alumnos, pais e pais*".
- Proxecto Educativo: moitos dos plans que se están a desenvolver no centro apostan polo aumento da dixitalización.

- Plan de Biblioteca: uso do programa Meiga para catalogación, empréstitos e devolucións dos exemplares e emprego da páxina web do centro para a publicación dos eventos.
- Plan de Plurilingüismo: uso da páxina web do centro para a publicación de todas as actividades STEAM na sección correspondente, emprego da aula virtual para traballar contidos orais que o alumnado pode consultar dende os seus domicilios.
- Plan TIC: activación e posta en marcha de todo o equipamento dixital das aulas do centro.
- Plan Proxecta: na modalidade de "Vexo, vexo Xacobeo" empregáronse frecuentemente recursos dixitais.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Dende fai uns anos as TIC están cobrando cada vez más importancia no mundo no que vivimos. Esta tendencia viuse acentuada coa aparición da pandemia da Covid-19, que fixo visibles as necesidades tecnolóxicas existentes.

O Plan Dixital pretende reunir e unificar os obxectivos traballados nos centros educativos en materia tecnolóxica.

A continuación recóllese a normativa que xustifica e contextualiza o propio Plan Dixital.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital levouse a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital (segundo as pautas do equipo ADIX) sen prexuízo das aportacións doutros integrantes do claustro.

Previa á redacción do documento final, foi necesario levar a cabo unha análise do contexto socioeducativo do centro relacionada con cuestiós tecnolóxicas. Para esta finalidade empregáronse tanto a enquisa SELFIE (participou o alumnado e o profesorado) como o Test sobre a Competencia Dixital Docente (dirixido ao profesorado).

Unha vez analizado o contexto fíxose necesario determinar as necesidades, que como centro, xorden neste eido. Para isto fíxose o DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), o cal recolle aqueles aspectos positivos e negativos que inflúen no noso centro.

Posteriormente, e a partir do propio DAFO, reflexionouse sobre os obxectivos que se pretenden conseguir como centro no ámbito das novas tecnoloxías. É dicir, estableceuse o Plan de Acción do Plan Dixital.

Por último e tendo en conta o anterior, tivo lugar a redacción do documento do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Nas táboas seguintes recóllese a infraestrutura, equipamento e servizos dixitais cos que conta, actualmente, o centro educativo distribuídos polos diferentes espazos.

ESPAZO: Dirección/secretaría		PUNTO 2.1 Estado actual
INFRAESTRUCTURA	Conectividade	SI
	Telefonía	SI
	Datos	SI
	Cable	SI
	Wifi	SI

EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	1 ordenador de sobremesa
	Dotación por proxecto	
	Mercado polo centro	1 ordenador portátil

ESPAZO: Deptº. de Orientación		PUNTO 2.1 Estado actual			
INFRAESTRUCTURA	Conectividade	SI			
	Telefonía	NON			
	Datos	<table border="1"> <tr> <td>Cable</td> <td>SI</td> </tr> <tr> <td>Wifi</td> <td>SI</td> </tr> </table>	Cable	SI	Wifi
Cable	SI				
Wifi	SI				
EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria				
	Dotación por proxecto				
	Mercado polo centro	1 ordenador portátil			

ESPAZO: Aula PT/AL		PUNTO 2.1 Estado actual			
INFRAESTRUCTURA	Conectividade	SI			
	Telefonía	NON			
	Datos	<table border="1"> <tr> <td>Cable</td> <td>SI</td> </tr> <tr> <td>Wifi</td> <td>SI</td> </tr> </table>	Cable	SI	Wifi
Cable	SI				
Wifi	SI				

EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	1 pizarra dixital
	Dotación por proxecto	
	Mercado polo centro	1 ordenador portátil 1 proxector

ESPAZO: Sala de profesorado		PUNTO 2.1 Estado actual	
INFRAESTRUTURA	Conectividade	SI	
	Telefonía	NON	
	Datos	Cable	SI
		Wifi	SI
EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	2 ordenadores de sobremesa	
	Dotación por proxecto		
	Mercado polo centro		

ESPAZO: Aula de informática		PUNTO 2.1 Estado actual	
INFRAESTRUTURA	Conectividade	SI	
	Telefonía	NON	
	Datos	Cable	SI
		Wifi	SI

EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	2 ordenadores portátiles 7 ordenadores de sobremesa
	Dotación por proxecto	
	Mercado polo centro	7 ordenadores de sobremesa 1 ordenador portátil 1 proxector

ESPAZO: Biblioteca		PUNTO 2.1 Estado actual			
INFRAESTRUTURA	Conectividade	SI			
	Telefonía	NON			
	Datos	<table border="1"> <tr> <td>Cable</td> <td>SI</td> </tr> <tr> <td>Wifi</td> <td>SI</td> </tr> </table>	Cable	SI	Wifi
Cable	SI				
Wifi	SI				
EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria				
	Dotación por proxecto				
	Mercado polo centro	1 ordenador portátil			

ESPAZO: Aulas de EI e EP		PUNTO 2.1 Estado actual			
INFRAESTRUTURA	Conectividade	SI			
	Telefonía	NON			
	Datos	<table border="1"> <tr> <td>Cable</td> <td>SI</td> </tr> <tr> <td>Wifi</td> <td>SI</td> </tr> </table>	Cable	SI	Wifi
Cable	SI				
Wifi	SI				

EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	4 pizarras dixitais (unha por aula) 4 proxectores (un por aula)
	Dotación por proxecto	
	Mercado polo centro	3 pizarras dixitais (unha por aula) 7 ordenadores portátiles (un por aula) 3 proxectores (un por aula)

ESPAZO: Aula de música		PUNTO 2.1 Estado actual
INFRAESTRUTURA	Conectividade	SI
	Telefonía	NON
	Datos	Cable
		Wifi
EQUIPAMENTO	Dotación ordinaria	
	Dotación por proxecto	
	Mercado polo centro	1 pizarra dixital 1 proxector 1 ordenador portátil

Ademais do equipamento recollido nas táboas anteriores, hai tres tablets a disposición do alumnado e profesorado mercadas polo centro educativo.

En canto aos servizos dixitais educativos, no centro emprégase o correo corporativo, a páxina web do colexio, a aula virtual, Abalar, XADE...

Relacionado co mantemento do equipamento do centro contamos cos servizos ofrecidos pola Unidade de Atención a Centros (UAC) e con servizos externos ao centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO do xeito máis realista posible foi preciso facer unha diagnose do contexto do centro educativo. Para iso, entre outras ferramentas, empregouse a autoavaliacián SELFIE cuxos datos resumidos por áreas se recollen a continuación.

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	2,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,5				

Ademais do SELFIE tamén se realizou o Test sobre a Competencia Dixital Docente. A continuación recóllese información relevante extraída do mesmo.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa		N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4		4	100%
PROVISIONAL	1		5	80%
INTERINO	4		2	50%
SUBSTITUTO	1		2	50%
DESPRAZADO	-		-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,7	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	72,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	83	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	6	60%
B1	1	10%
B2	2	20%
C1	-	-
C2	1	10%
TOTAL	10	100%

Ademais das fontes anteriores, tamén se tiveron en conta as reflexións feitas polas persoas integrantes do claustro do centro educativo.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do mesmo no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Equipamento dixital aceptable nas aulas do centro: pizarra dixital, canón proxector e ordenador con conexión a internet.
	PERSOAL DOCENTE	Comezo na concienciación por parte dalgúns docentes da importancia do uso das TIC e da

		<p>realización dun Plan Dixital do centro real e práctico.</p> <p>Consolidación e normalización por parte do profesorado da Aula Virtual e da páxina web do centro.</p>	<p>Pouco desenvolvemento da competencia dixital por parte do profesorado.</p> <p>Cambio continuo dos integrantes do claustro.</p>
PERSOAL NON DOCENTE	NON		
ALUMNADO		Consolidación e normalización por parte do alumnado da Aula Virtual e da páxina web do centro.	Pouco desenvolvemento da competencia dixital por parte do alumnado.
FAMILIAS			Falta de recursos dixitais por parte do alumnado para poder continuar na casa con tarefas en formato dixital.
OFERTA			
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Continuidade e consolidación na utilización de aplicacións informáticas para o vindeiro curso.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A formación proporcionada polo PFPP sobre o Plan Dixital.	Excesiva burocracia que resta tempo ao profesorado para preparar estratexias e metodoloxías que inclúan ferramentas dixitais. Falta de recursos dixitais por parte do alumnado para poder continuar na casa con tarefas en formato dixital.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA	Actividades extraescolares relacionadas coa competencia dixital (robótica) para o alumnado.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Propónense obxectivos que implican unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación recóllense as táboas propostas pola Consellería cos obxectivos que se pretenden conseguir coa posta en marcha do Plan Dixital. Do mesmo xeito recóllense os indicadores e as accións que se consideran necesarias para a consecución destes obxectivos.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":		E: Pedagoxía. Apoios e recursos.			
OBXECTIVO (1):		Integrar diferentes recursos dixitais nas metodoloxías docentes. (E2)		Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador do Plan Dixital		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de materiais creados con estes recursos.				
Valor de partida (3)	0 materiais creados.				
Valor previsto e data (4)	20 materiais creados.		Ao remate do curso académico 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
AO1.1: Recibir formación sobre a utilización dos recursos dixitais.	Relator/a	20/12/2022	Equipamento informático Conexión a Internet	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	Realizada
AO1.2: Elaborar materiais relacionados con contidos curriculares empregando estas ferramentas.	Profesorado de cada área	31/03/2023	Equipamento informático Conexión a Internet		Aprazada
AO1.3: Publicar os materiais creados na aula virtual e/ou na páxina web do centro.	Profesorado de cada área	20/06/2023	Páxina Web Aula Virtual Conexión a Internet		Pendente
REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS				Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":		E: Pedagoxía. Apoios e recursos.			
1. OBXECTIVO (1):		Aumentar o emprego da aula virtual do centro por parte do profesorado e alumnado. (E3)		Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador/a TIC		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de contidos creados ou subidos á aula virtual do centro.				
Valor de partida (3)	Non se coñece o número aproximado de contidos creados ou subidos.				
Valor previsto e data (4)	15 contidos creados ou subidos.		Ao remate do curso académico 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
AO1.1: Recibir formación sobre o manexo da aula virtual para o alumnado e profesorado.	Relator/a	20/12/2022	Equipamento informático Conexión a Internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Crear ou subir contidos á aula virtual.	Profesorado de cada área	31/03/2023	Equipamento informático Conexión a Internet Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Realizar unha enquisa por parte do alumnado e profesorado para avaliar os resultados.	Coordinador TIC co asesoramento do Equipo TIC.	20/06/2023	Equipamento informático Conexión a Internet Programas específicos		Realizada
					Aprazada
					Pendente

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":		H: Competencias dixitais do alumnado						
2. OBXECTIVO (1):		Introducir as TIC para o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria. (H10)			Acadado			
RESPONSABLE:		Coordinador/a TIC			Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de contidos curriculares traballados empregando as TIC.							
Valor de partida (3)	0 contidos curriculares traballados.							
Valor previsto e data (4)	20 contidos curriculares traballados.		Ao remate do curso académico 2022-2023					
ACCIÓN A DESENVOLVER								
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN				
AO1.1: Aproximar ao alumnado ao manexo das TIC (equipos informáticos).	Profesorado de cada área	20/12/2022	Equipamento informático Conexión a Internet	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
AO1.2: Traballar contidos curriculares empregando os equipos informáticos.	Profesorado de cada área	31/03/2023	Equipamento informático Conexión a Internet	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
AO1.3: Avaliar os resultados obtidos.	Profesorado de cada área	20/06/2023	Equipamento informático Conexión a Internet Programas específicos	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora":		E: Pedagoxía. Apoios e recursos.			
3. OBXECTIVO (1):		Consolidar o emprego de aplicacións informáticas para o ensino-aprendizaxe en 5º e 6º de Educación Primaria. (E3)		Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de contidos traballados con estas aplicacións.				
Valor de partida (3)	50% dos contidos empregando estas ferramentas.				
Valor previsto e data (4)	60% contidos empregando estas ferramentas.		Ao remate do curso académico 2022-2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Impartir formación para o alumnado sobre o emprego de tablets.	Profesorado de cada área	20/12/2022	Equipamento informático Conexión a Internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Traballar contidos curriculares con estas aplicacións.	Profesorado de cada área	31/03/2023	Equipamento informático Conexión a Internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Realizar enquisas para avaliar o funcionamento das ferramentas.	Coordinador TIC co asesoramento do Equipo TIC.	20/06/2023	Equipamento informático Conexión a Internet Programas específicos		Realizada
					Aprazada
					Pendente

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conlleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respontar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearse AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como consecuencia da análise do contexto e do establecemento de novos obxectivos para poñer en marcha o Plan Dixital, xorde a necesidade de mellorar o equipamento existente no centro educativo. Isto débese á obsolescencia dalgúns equipos e/ou á insuficiencia dos mesmos.

O centro conta actualmente con tres tablets a disposición do alumnado para poder realizar actividades gozando da accesibilidade que caracteriza a estes equipos. Non obstante, e tendo en conta o número de alumnado por grupo, sería interesante ampliar o número de tablets totais a 20 (suficientes para o grupo máis numeroso). Deste xeito podería levarse a cabo o obxectivo establecido para consolidar a utilización de aplicacións informáticas para o ensino-aprendizaxe.

4. Avaliación do plan

A avaliación deste plan levarase a cabo tendo en conta o seguinte.

4.1. Seguimiento do Plan de Acción

A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Isto recollerase en cada unha das táboas dos obxectivos do Plan de Acción.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

A frecuencia da avaliación final será como mínimo unha vez ao ano para a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Para isto recóllese a seguinte rúbrica na que o valor 1 corresponde coa valoración mínima e o 4 coa máxima.

	Escala			
	1	2	3	4
1. O desenvolvemento do plan dixital responde á secuenciación e a temporalización previstas.				
2. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos más significativos derivados do uso de recursos dixitais.				
3. Fixación dunha estratexia metodolóxica dixital común para todo o centro.				
4. Adecuación da secuencia de traballo co uso de recursos dixitais na aula				
5. Adecuación dos recursos dixitais utilizados.				
6. Adecuación dos recursos dixitais para ao alumnado con NEAE.				
7. Contribución do desenvolvemento do Plan Dixital aos outros Plans do centro				

5. Difusión do plan

Para fomentar a difusión do Plan Dixital levaranse a cabo as seguintes accións: presentación ao claustro, aprobación por parte do Consello Escolar, publicación na páxina web e disposición para consulta no centro.